

Praza número: **18/1101** Número de prazas: **1**

Categoría: **Axudante doutor/a**

Dedicación: **Tempo completo**

Área de coñecemento: **Dereito do Traballo e Seguridade Social**

Departamento: **Dereito Público**

Docencia: **Materias da área**

Centro: **Facultade de Ciencias do Traballo**

RESOLUCIÓN POLA QUE SE NOMEAN NOVOS MEMBROS DA COMISIÓN DE SELECCIÓN

Por Resolución do 26 de decembro de 2018, publicouse a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos ao concurso para a provisión da praza enriba indicada, así como a composición da comisión de selección encargada de xulgar o concurso.

Promovida recusación por parte dun dos concursantes contra o secretario e os vogais primeiro, segundo e terceiro titulares da comisión, esta Reitoría, seguindo o procedemento que establece o artigo 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, apreciando a concorrencia da causa de recusación, conforme ao establecido na normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado, aprobada polo Consello de Goberno do 30 de abril de 2014, en adiante NPDIIILC, acordou:

1. Substituír aos vogais primeiro e segundo recusados polos correspondentes suplentes.
2. Substituír ao secretario polo profesor do departamento de maior categoría e antigüidade.
3. Designar o vogal terceiro titular e os novos vogais suplentes por proposta do Consello de Goberno do 27 de febreiro de 2019 unha vez realizado o sorteo previsto no artigo 6.3. da NPDIIILC, entre os profesores e profesoras das áreas con docencia no centro (Facultade de Ciencias do Traballo) por teren materias obrigatorias ou de formación básica nos plans de estudo, ante a ausencia de profesores da área de Dereito do Traballo e Seguridade Social ou de áreas afíns que puideran desenvolver a función requirida.
4. Facer pública a composición da nova comisión selección que figura no anexo I a esta Resolución.

Contra a presente resolución, de conformidade co disposto no art. 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, poderán as persoas interesadas interpor, potestativamente, un recurso de reposición ante esta Reitoría no prazo dun mes, ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, na forma e nas condicións previstas na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, que se contan ambos a partir do día seguinte ao da súa publicación.

A Coruña, 13/03/2019

P.D. do reitor (R.R do 12/01/2016)
O vicerreitor de Profesorado e Planificación Docente,
Asdo.: Alberto Valderruten Vidal

Código Seguro De Verificación	Fv6WixVuAh6YVSZa17LogA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente Alberto Valderruten Vidal	Asinado	13/03/2019 19:04:04
Observacións		Páxina	1/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Fv6WixVuAh6YVSZa17LogA==		





Composición da comisión de selección

Concurso para a contratación de PDI laboral temporal

18/1101 Profesor axudante doutor

Comisión Titular

Apelidos e nome	Categoría	Área	Cargo
Gomis Rodríguez, Alfonso	Titular de escola universitaria	775	Presidente
Ruiz García, José Ramón	Catedrático de universidade	150	Secretario
López Arranz, María Asunción	Contratado doutor	140	Vogal 1º
Ron Latas, Ricardo Pedro	Titular de universidade	140	Vogal 2º
Rey Graña, María Carlota	Titular de universidade	225	Vogal 3º
Guillén Solórzano, Eduardo	Contratado doutor	650	Representante trab.

Comisión Suplente

Apelidos e nome	Categoría	Área	Cargo
García Arthus, Emilia Luísa	Titular de universidade	230	Vogal 1º
López Rodríguez, José	Contratado doutor	650	Vogal 2º
Cobo Bedia, María Rosa	Titular de universidade	775	Vogal 3º

Código Seguro De Verificación	Fv6WixVuAh6YVSZa17LogA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Vicerr. de Profesorado e Planificación Docente Alberto Valderruten Vidal	Asinado	13/03/2019 19:04:04
Observacións		Páxina	2/2
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/Fv6WixVuAh6YVSZa17LogA==		

